



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Aspectos socioeconómicos da vellez	Código	615525027	
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Piñeiro Aguiar, Eleder	Correo electrónico	eleder.pineiro.aguiar@udc.es	
Profesorado	Piñeiro Aguiar, Eleder	Correo electrónico	eleder.pineiro.aguiar@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo fundamental da materia Aspectos Socioeconómicos da vellez é ofrecer ao estudantado unha análise teórica e práctica ao fenómeno do envellecemento, atendendo a tres aspectos fundamentais. Primeiro, abordar a definición e cuantificación do proceso de envellecemento desde unha perspectiva temporal e territorial. Segundo, analizar as causas e consecuencias económicas, sociais e políticas do proceso de envellecemento da poboación. Terceiro, reflexionar sobre os retos e oportunidades que este proceso supón para a economía e a sociedade actual. Esta materia impartirase cun espírito multidisciplinar, dado que o proceso de envellecemento afecta tamén a múltiples ámbitos da nosa política, economía e sociedade. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado. O docente impartirá a docencia en castelán, se ben o alumnado poderá expresarse tanto en galego como en castelán nas clases y na entrega de traballos, os cuais serán todos entregados en formato dixital.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A21	CEE1 - Explicar os procesos de exclusión vinculados ás transformacións da estrutura familiar e por idades das sociedades.
A22	CEE2 - Manexar ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise da vulnerabilidade asociada a formas de convivencia e a determinados grupos de idade.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
B20	CX8 - Aplicar a perspectiva comparada na comprensión das problemáticas sociais e das respostas e solucións políticas.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
A3 CE3	Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e sistemas de benestar social.	AM3 AM21 AM22	BM2 BM3 BM14
A22 CEE2	Manexar ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise da vulnerabilidade asociadas a formas de convivencia e a determinados grupos de idade.	AM22	



A21 CEE1 Explicar os procesos de exclusión vinculados ás transformacións da estrutura familiar e por idades das sociedades.	AM21		
A21 CEE1 Explicar os procesos de exclusión vinculados ás transformacións da estrutura familiar e por idades das sociedades.		BM2	
B2 CB2 Aplicar e integrar os coñecementos a entornos e problemas emerxentes e indefinidos na práctica investigadora e profesional.		BM3	
B3 CB3 Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razonadas sobre a evolución previsible dos feitos sociais estudados.		BM14	
Formular unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculado aos feitos sociais sobre os que traballa.		BM17	
B17 CG5 Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das Ciencias Sociais		BM20	
C1 CT1 Reflexionar, chegar a conclusións e propor solucións a través do traballo en equipo			CM1
C5 CT5 Aplicar un razonamento crítico na reflexión teórica e no desenvolvemento práctico do seu traballo profesional e investigador.			CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Reflexións sobre o envellecemento da poboación: problema & oportunidade	1.1. A idade como obxecto de estudo e investigación 1.2. Definición da vellez 1.3. As contradicións do envellecemento
2. Conceptos e indicadores básicos para o estudo do envellecemento	2.1. Indicadores para o estudo da vellez 2.2. Causas do envellecemento da poboación 2.3. Perspectivas de estudo do envellecemento
3. O envellecemento da poboación e a economía	3.1. A dimensión económica do envellecemento demográfico 3.2. Implicacións económicas
4. As consecuencias sociais do envellecemento demográfico	4.1. Unha reflexión sobre os aspectos sociais 4.2. Repercusións do envellecemento sobre o sector público 4.3. Políticas de envellecemento: un dilema por resolver
5. Envellecer en feminino. Igualdade de xénero?	5.1. Non é igual: Envellecemento de mulleres & homes 5.2. Xénero & Políticas de envellecemento 5.3. A orixe das desigualdades desde un punto de vista do ciclo vital
6. A achega das persoas maiores ao benestar	6.1. A medición da achega das persoas maiores ao benestar 6.2. A posta en valor do envellecemento 6.3. O paradoxo do sistema: sostidos ou sustentadores?
7. Os retos do envellecemento da poboación	7.1. Reflexións para debater 7.2. Que estamos a facer mal? 7.3. A vellez como oportunidade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 B2 B14 B17	36	36	72
Estudo de casos	A3 A21 A22 B3 B17	1	5	6
Discusión dirixida	C1 C5	4	8	12
Proba práctica	B3 B17 B20 C1 C5	18	36	54
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As explicacións maxistras consisten nas clases teóricas para as cales serán necesarias as lecturas e o debate na aula.
Estudo de casos	Unha parte da avaliación teórica consistirá no estudo dun caso; onde cada estudante necesitará buscar fontes estatísticas nas bases de datos indicadas; elaborará os indicadores analizados en clase e presentará os resultados cuantitativos en clase. Pedirase tamén seste estudos de caso unha descrición cualitativa do mesmo, cunha posterior interpretación de resultados.
Discusión dirixida	Durante as sesións maxistras fomentárase o debate e a discusión dirixida tomando como base as explicacións de clase, vídeos e lecturas propostas.
Proba práctica	A proba práctica consistirá na elaboración dun traballo individual (extensión máxima 10 páxinas) onde se utilizarán os conceptos teóricos e prácticos traballados durante o curso en torno aos aspectos socioeconómicos da velez. O estudo de caso servirá de base para este traballo. As bases deste traballo explicaranse durante a asistencia a titorías, mesmas que poden darse na aula ao inicio ou ao final da mesma (alumnado presencial) ou vía teams (alumnado online). Existe tamén a posibilidade de que esta proba poda ser una introducción ao TFM se o alumnado considera realizado en torno a temáticas da materia/especialidades, en cuio caso acordárase un plan de traballo nas primeiras semanas de clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba práctica Estudo de casos	Atención personalizada nas titorías, previa cita mediante correo electrónico (eleder.pineiro.aguiar@udc.es). Ditas titorías realizaránse mediante TEAMS. Consulta de moodle, correo electrónico e chat da materia alomenos unha vez á semana durante o período lectivo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A3 B2 B14 B17	A asistencia e participación activa durante as sesións maxistras computará cun valor máximo do 10% na nota final. Para o estudiantado semipresencial ou a distancia implicará un seguimento e consulta regular dos materiais elaborados e colgados en Moodle e a utilización do chat de moodle.	5
Proba práctica	B3 B17 B20 C1 C5	Traballo final sobre un estudo comparado terá un valor máximo na nota final do 40%. Para o estudiantado semipresencial ou a distancia se darán instrucións precisas colgadas en Moodle e utilizaranse titorías online.	40
Discusión dirixida	C1 C5	Ao longo das sesións de aula desenrolaránse se desenvolverán reflexións e debates por parte do alumnado, os mesmos que computarán para o 5% total de participación.	5
Estudo de casos	A3 A21 A22 B3 B17	Os estudos de caso computarán cun valor máximo do 50% na nota final. Tratarase de entregas de tarefas previamente explicadas e subidas a Moodle ao principio do curso.	50

Observacións avaliación

Alumnado presencial:

- A avaliación considerará a nota mediante un proceso de avaliación continua das diferentes partes a ser tidas en conta: participación nas aulas (10%), tarefas (estudos de caso) (50%), traballo final (40%). Todos os traballos serán coñecidos polo alumnado ao principio do curso e todas as tarefas deberán ser entregadas en tempo e forma en formato dixital mediante o Moodle da materia. Alumnado non presencial- A Avaliación será similar a do alumnado presencial, se ben o porcentaxe adicado a participación será medido mediante a participación no chat do Moodle habilitado e/ou por interacciona mediante correo electrónico co profesor. Primeira oportunidadeO alumnado que opte por unha avaliación non continua poderá presentarse na convocatoria oficial acordada polo centro. A proba constará dun examen tipo test (50% da nota) que versará sobre diversas obras traballadas na clase e subidos en pdf ao Moodle da materia; e unha pregunta autoformulada de extensión en torno a 2 follas onde o alumnado exporá unha breve reflexión en torno a algún tema da materia do seu interés previo consenso co profesor (50% da nota)Segunda oportunidadeMesmo criterio que na primeiraAlumnado con exención académicaAo principio do curso acordárase un calendario de titorías, criterios de avaliación e entregas.



Fontes de información

Bibliografía básica

Esta bibliografía é só orientativa e global. O profesor facilitará ao estudantado as referencias das lecturas básicas obrigatorias para traballar en clase a través da plataforma virtual Moodle. Entre as habilidades que deben adquirir os estudantes está a obtención de recursos bibliográficos propios que sirvan para o seu desenvolvemento tanto na materia como para o TFM. Prestarase especial atención á paridade de xénero ao aportar obras de autores e de autoras.

Bazo, María-Teresa et al. (2006): *Envejecimiento y sociedad una perspectiva internacional*, Madrid : Editorial Médica Panamericana

Beauvoir, Simone de (2012): *La Vejez / Simone de Beauvoir ; traducción de Aurora Bernárdez*, Buenos Aires : Debolsillo

Delgado García, Ana María ; Rafael Oliver Cuello, Ignasi Beltran de Heredia Ruiz (2010): *Vejez, discapacidad y dependencia: Aspectos fiscales y de protección social*, Publicación, Barcelona : Bosch, 2010.

Duque, Juan M. y Adela Mateo Echanogorria (coord) (2008): *La participación social de las personas mayores*, Madrid, Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO)

Fericgla, Josep M. (2002): *Envejecer una antropología de la ancianidad*, Barcelona : Herder

Freire Rodríguez, Carlos y Mar Ferradás Canedo (2016): *Calidad de vida y bienestar en la vejez*, Madrid : Pirámide

García González, Francisco (coord.) (2005): *Vejez, envejecimiento y sociedad en España, siglos XVI-XXI*, Cuenca : Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.

Giró Miranda, Joaquín (coord.) (2004): *Envejecimiento y sociedad una perspectiva pluridisciplinar*, Logroño, Universidad de La Rioja, Servicio de Publicaciones

Gómez García, Jesús María (1997): *El envejecimiento de la población y la economía*, Valladolid Secretariado de Publicaciones e Intercambio Científico, Universidad de Valladolid

IMSERSO (1999): *La Protección Social de la Dependencia*, Madrid.

IMSERSO (2000): *Las Personas Mayores y las Residencias*, Madrid.

IMSERSO, Informe 2014 sobre sobre las personas mayores en España

Instituto Nacional de Consumo (2000): *La tercera edad y el consumo*, Madrid.

Imarza Meñica, Juan; Jesús Galdeano Aramendia (Coord.) (1988): *Simposio de gerontología de Castilla-León. Hacia una vejez nueva I Simposio de Gerontología de Castilla-León : 5-8 de mayo 1988* Valladolid, Fundación Friedrich Ebert.

Papeles de Economía Española, especial 104: *Transformación demográfica : raíces y consecuencias*, Madrid : Caixa Nova, 2005

Pérez Ortiz, Lourdes (2006): *La estructura social de la vejez en España: nuevas y viejas formas de envejecer*, Madrid: Instituto de Mayores y Servicios Sociales.

Rodríguez Cabrero, G. (1997): *Participación social de las Personas Mayores*, Madrid: IMSERSO.

Rogero García, Jesús (2010): *Los tiempos del cuidado : el impacto de la dependencia de los mayores en la vida cotidiana de sus cuidadores*, Madrid : IMSERSO

Sánchez Vera, Pedro (ed.) (1993): *Sociedad y población anciana*, Murcia : Universidad de Murcia

Sancho, M. T. (2007): *Las personas mayores en España, Informe 2006*, Madrid: IMSERSO.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías